



AGAPEMA
I REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO 6° E. PRIMARIA
FASE DE ZONA
19 MAIO 2001

(Coloca aquí unha
pegatina
identificativa)

Nas feiras dos distintos pobos de Galicia adoitaban verse personas que facían maxia cos números e mesmo daban algún premio a quen resolverse os problemas que propoñían.

Na feira de Peisaco, no concello da Laracha (A Coruña) propoñíanse actividades semellantes a estas tres que aparecen aquí . A ver se vós as sabedes resolver:

ACTIVIDADE 1

Crucigrama

Resolve o seguinte crucigrama matemático:

Horizontais:

1. Número de tres cifras iguais.
2. Número composto por vinte decenas.
3. Número par anterior a 400

Verticais:

1. Número de tres cifras consecutivas das que a máis pequena é a das centenas.
2. Número que ten nove unidades máis que unha centena.
3. Número anterior ó 2 vertical.

	1	2	3
1			
2			
3			



AGAPEMA
I REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO 6° E. PRIMARIA
FASE DE ZONA
19 MAIO 2001

(Coloca aquí unha
pegatina
identificativa)

ACTIVIDADE 2

Adiviña

Adiviña, adiviña, ...

"Un número de tres cifras é impar e capicúa.

A cifra das decenas é maior que tres e é igual á suma das outras dúas cifras.

¿Que número é?"



AGAPEMA
I REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO 6° E. PRIMARIA
FASE DE ZONA
19 MAIO 2001

(Coloca aquí unha
pegatina
identificativa)

ACTIVIDADE 3

Os números do 1 ó 9

"Nestas nove casiñas escribe os números do 1 ó 9 de xeito que cada número dos que estea na casiña de arriba sexa a suma dos das dúas casiñas que ten debaixo". Iso era o que dicía aquela persoa que levaba na súa cabeza un chapeu de palla. ¿Sabedes resolver vós o problema?



AGAPEMA
I REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO 6º E. PRIMARIA
FASE DE ZONA
19 MAIO 2001

(Coloca aquí unha
pegatina
identificativa)


PROBLEMA Nº 1

A parroquia de Larín está no concello de Arteixo e nela hai unha escola á que van oito nenos e nenas. Teñen un comedor pequeniño e algúns quédanse de vez en cando a comer nel mentres outros van comer á súa casa.

No gráfico que se vos dá aparecen o percorrido e as distancias que teñen que andar para ir á escola tódolos días. Os que se quedan a comer na escola fan o percorrido dúas veces cada día; os que van comer á súa casa fano catro veces.

Os días que cada neno se queda a comer na escola están indicados nesta táboa cunha cruz:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
Pedro	X	X	X	X	X
Marta					
Ana	X		X		X
Marcos		X		X	
Anxo	X		X		X
Enrique		X		X	
María	X			X	
Xurxo	X		X		



Preguntas:

- ¿Que distancia en metros anda cada un para ir desde a súa casa á escola?
- ¿Que distancia en metros percorre cada alumno á semana?
¿E en quilómetros?
- ¿Cal é o que menos anda ó remate da semana?
- ¿Cal é o que máis anda ó longo da semana?



AGAPEMA
I REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO 6º E. PRIMARIA
FASE DE ZONA
19 MAIO 2001

(Coloca aquí unha
pegatina
identificativa)

PROBLEMA nº 2

O TANGRAM CHINÉS

Para facer este exercicio necesitas utilizar o tangram chinés, que tedes nunha folla que se vos xunta.

Recortade cuidadosamente as súas sete pezas e con elas construíde as figuras semellantes ás tres que se vos dan non fondo da páxina.

Facede un pequeno plano de como irían colocadas as pezas en cada figura, tal e como aparece no exemplo do "3", xa que para construír cada figura necesitas sempre as sete pezas do tangram.


Exemplo para facer o plano:



a



b



c




AGAPEMA
I REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO 6º E. PRIMARIA
FASE DE ZONA
19 MAIO 2001

(Coloca aquí unha
pegatina
identificativa)

PROBLEMA nº 3

Caixas e máis caixas


Esta caixa que ves no debuxo ten tódalas súas caras iguais. É un cubo.



Por certo:

- ¿Cantas caras ten?
- ¿Cantos vértices?
- ¿Cantas aristas?

Se lle damos un corte a un dos vértices do cubo, no seu lugar aparece unha nova cara polo que xa deixou de ser un cubo. Observade ben esta nova figura (a grande) e contestade ás seguintes preguntas:



- ¿Cantas caras ten?
- ¿Cantos vértices?
- ¿Cantas aristas?

Clasifícade, segundo o número de lados os polígonos que forman as súas caras.